

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sec. de Promoción Económica e Emprego

*Resolución número 2015/7605 pola que se aproba o programa DP0010 de financiamento de vehículos dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña, anualidade 2015*

##### ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

##### SERVICIO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

##### ANUNCIO

**Resolución número 2015/7605 pola que se aproba o programa DP0010 de financiamento de vehículos dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña, anualidade 2015**

#### **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DE VEHICULOS DIRIXIDO AS CONFRARIAS DE PESCADORES E AGRUPACIONES DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DA CORUÑA, ANUALIDADE 2015**

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

**Primeiro.**—Mediante resolución da Presidencia n.º 2342 de 12/02/2015, publicada no BOP do 16/02/2015, aprobáronse as bases reguladoras do Programa de financiamento de vehículos dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña, anualidade 2015.

O prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 18/03/2015 ás 14.00 horas.

**Segundo.**—A totalidade das solicitudes referidas neste informe foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e as solicitudes que figuran no anexo 1 cumpren cos requisitos establecidos nela, polo que se propón a súa concesión.

**Terceiro.**—Na partida orzamentaria 0510/415/781 do orzamento xeral desta Deputación para o exercicio 2015 existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación.

##### **RESOLVO**

1.º.—Aprobar o Programa de financiamento de vehículos dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña, anualidade 2015, por un importe total de 138.222,40 €.

2.º.—Aprobar a concesión das achegas correspondentes ao Programa ás entidades que se relacionan no anexo 1, polos importes que se indican.

3.º.—Dispor o financiamento do Programa con cargo á aplicación orzamentaria 0510/415/781, fase A, referencia n.º 22015001182, operación n.º 220150001988, importe 308.195,00 €.

4.º.—Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 59.6.b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 17 de abril de 2015.

O Presidente

O Secretario

Diego Calvo Pouso

José Luis Almu Supervía

## ANEXO 1

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. subvencionado que se ha justificar
Beneficiario: AGRUPACION DE MARISCADORAS DO ESTEIRO DO ANLLONS NIF: G15234727 Cod. Exp.:2015000002265 Obxecto: Adquisición de un vehículo para a vixiancia dos bancos marisqueiros	8.400,00 €	0,6199	13.550,57 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE CAMELLE NIF: G15338593 Cod. Exp.:2015000002701 Obxecto: VEHÍCULO PARA VIXIANCIA NO ÁMBITO TERRITORIAL COFRADÍA DE CAMELLE	6.400,00 €	0,8000	8.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE FERROL NIF: G15035116 Cod. Exp.:2015000002703 Obxecto: ADQUISICIÓN DE VEHICULO ISOTERMO PARA A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUCTOS PESQUEIROS	20.000,00 €	0,8000	25.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE LAXE NIF: G15070360 Cod. Exp.:2015000002742 Obxecto: ADQUISICIÓN DE UN VEHICULO PARA A VIXILANCIA	8.400,00 €	0,7848	10.703,36 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DE LA BARCA NIF: G15033913 Cod. Exp.:2015000002700 Obxecto: Adquisición Vehículo Vixiancia Confraria	8.400,00 €	0,7848	10.703,36 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES A POBRA DO CARAMIÑAL NIF: G15037401 Cod. Exp.:2015000002807 Obxecto: SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE VIXIANCIA DAS AUTORIZACIÓNS MARISQUEIRAS	8.400,00 €	0,8000	10.500,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE CABO CRUZ NIF: G15043953 Cod. Exp.:2015000002853 Obxecto: VEHÍCULOS PARA VIXIANCIA	8.400,00 €	0,6829	12.300,48 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE CORCUBION NIF: G15047707 Cod. Exp.:2015000002852 Obxecto: SOLICITUD DE VEHICULO ISOTERMO	16.622,40 €	0,8000	20.778,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE PALMEIRA NIF: G15140320 Cod. Exp.:2015000002870 Obxecto: vehiculo isotermico	22.400,00 €	0,8000	28.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SAN BARTOLOME DE NOIA NIF: G15030844 Cod. Exp.:2015000002823 Obxecto: VEHÍCULO VIXILANCIA	8.400,00 €	0,4797	17.510,94 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SANTIAGO APOSTOL NIF: G15033186 Cod. Exp.:2015000002640 Obxecto: FURGONETA PARA COMERCIALIZACION DOS PRODUCTOS PESQUEIROS	22.400,00 €	0,8000	28.000,00 €

Total concedido: 138.222,40 €.

2015/4454